



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VILASANTAR, O CONCELLO DE SOBRADO E O CONCELLO DE CURTIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN.

REUNIDOS

Sr. Alcalde Javier Fco. Caínzos Vázquez. Concello de Curtis.
Sr. Alcalde Luis Lisardo Santos Ares. Concello de Sobrado.
Sr. Alcalde Fernando Pérez Fernández. Concello de Vilasantar.

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector Público establece entre os principios xerais do sector público a eficiencia na asignación e utilización dor recursos públicos. Asemade, o artigo 11.1 e 2 da dita lei establece que un órgano administrativo pode encomendar a outros órganos ou entidades que realice determinadas actividades de carácter material, técnico ou de servizos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- O artigo 27 da lei 7/1985 establece que as Comunidades Autónomas poderán delegar nos Municipios o exercicio de competencias que afecten ós seus intereses propios, sempre que con iso mellore a eficacia da xestión pública.

Cuarto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, é necesario impulsar medidas alternativas para a xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade, que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Quinto.- Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos.

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a prestación conxunta dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servimos/s.

Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Sexto.- Por todo o anterior, os concellos asinantes ACORDAN a PRESTACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN, mediante o presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.-Obxecto

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do servizo de orientación de forma conxunta entre os concellos de Curtis, Sobrado e Vilasantar.

Segunda.-Obxectivos da colaboración.

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa.
- Valorizar os recursos dispoñibles.

Terceira.-Prestación conxunta do servizo.

A prestación do servizo será realizada polo Concello de Curtis, no local situado en Praza de España nº 1, 2º andar, en Teixeira (Curtis), e incluírá todo o relacionado coa xestión do servizo, aspectos materiais, técnicos, económicos ou do propio servizo (sexa tramitación administrativa, instalacións, reparación, mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc.)

A persoa orientadora desprazarase ao Concello de Vilasantar, no local situado en rúa Ru, s/n en Vilasantar os mércores en horario de 12.30 a 14.30 horas.

Cuarta.-Subvencións e axudas.

Para a a xestión do servizo o Concello de Curtis poderá solicitar axudas a outras administracións Públicas de ámbito supramunicipal, provincial, autonómico ou estatal.

Quinta.-Causas de resolución.

O presente convenio resolverase:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo.
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia.

Sexta.-Vixencia do Convenio

O presente convenio ven a substituír ao anterior vixente, asinado o 22/04/2022, entre o Concello de Vilasantar, o Concello de Sobrado e o Concello de Curtis e á addenda ao mesmo asinada o 07/03/2023, e entrará en vigor no exercicio 2025, coincidindo co período subvencionado ao abeiro da *Orde do 27 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2025 (DOG Núm. 15 do 23 de xaneiro de 2025)*.

E se prorrogará automaticamente mentres se obteña financiamento ben ao abeiro das correspondentes convocatorias anuais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para esta mesma finalidade ou ben outras administracións Públicas de ámbito supramunicipal, provincial, autonómico ou estatal.

En ningún caso a súa vixencia se estenderá máis de catro anos desde o seu comezo.

Sétima -Natureza do Convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Oitava.-Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

Novena.-Xurisdición competente

As partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais do orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase dixitalmente polas partes comparecentes.

Fernando Pérez Fernández

Javier Fco. Caínzos Vázquez

Luis Lisardo Santos Ares

Concello de Vilasantar

Concello de Curtis

Concello de Sobrado